Límites do dereito á información.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva serán os establecidos como criterios de avaliación mínimos en cada unidade didáctica de acordo coa ponderación establecida, según consta no apartado 4.c.

A calificación do alumnado virá determinada por:

1. Probas teórico-prácticas escritas trimestrais de carácter persoal e obrigatorio. Realizaráse unha proba teórico-práctica cada trimestre. A nota destas probas suporá un 90% da nota trimestral (podendo ter os supostos prácticos un maior peso específico sobre os teóricos). Estas probas teñen carácter obrigatorio e realizaranse no centro docente nas datas indicadas. Esixese puntualidade e os atrasos non deben superar os 10 minutos desde a hora da convocatoria. Cando existan probas obxectivas de que houbo algún tipo de irregularidade (plaxios, utilización de recursos non permitidos, etc.) dará lugar a un 1 en dita proba e o alumno/a será avaliado nunha proba final no mes de xuño pola parte non superada.

2. Tarefas en liña correspondentes a cada unidade didáctica, entregadas en forma e prazo. Suporán un 10% da nota trimestral.

O alumnado deberá realizar as tarefas correspondentes a cada unha das unidades didácticas que se inclúen nos materiais da plataforma, así como as que o profesorado poida propoñer con carácter evaluable.

As actividades en liña deberán entregarse seguindo as instrucións e nos prazos establecidos. Fora de prazo non se admitirá a entrega das

tarefas salvo causas debidamente xustificadas e documentadas. Tampouco serán correxidas aquelas tarefas que o seu envío non sexa correcto.

Non se terán en conta na nota da avaliación os exames que os alumnos realizan na plataforma (xa que a súa realización e voluntaria)

O feito de non enviar as tarefas conlevará automaticamente un cero neste apartado da nota.

A cualificación trimestral será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicados os correspondentes porcentaxes.

O alumnado que suspenda algunha avaliación e cursou o módulo de forma regular, presentándose as probas, e enviando as tarefas de todas as unidades poderá presentarse a recuperación da mesma (so da parte/s non aprobada/s) ó final de curso.

O alumnado que non seguiu ó curso de forma regular: non se presentou os exames, non enviou todas as tarefas, poderá presentarse a unha proba presencial final de carácter global. Esta proba poderá dividirse por avaliacións

A cualificación final do módulo será a media ponderada según o peso das puntuacións obtidas. Haberá que ter un mínimo de 5 para superar o módulo profesional.

Os alumnos poderán recuperar os exames non superados ou non realizados, correspondentes a cada avaliación ao final de curso, nunha proba final. Esta proba podera dividirse por avaliacións.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para o alumnado coa primeira, segunda ou terceira avaliacións suspensas, realizarase unha proba similar ás realizadas ao longo do curso na que deberá obter como mínimo un 5 sobre un total de 10. Esta proba final abarcará a parte ou partes suspensas ao longo do curso.

Para o alumnado que se presente con todo o módulo suspenso ao exame final realizarase unha proba de carácter teórico-práctico sobre 10 puntos. Esta proba teórico-práctica poderá conter: preguntas tipo test e supostos prácticos sobre tódolos contidos desta programación.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non procede

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente, a profesora rexistrará diariamente, ó longo de todo o curso, todo o feito durante a clase (explicacións teóricas, exercicios, prácticas, actividades de avaliación) nun documento para cada unidade didáctica. Isto vai permitir observar a facilidade ou dificultade coa que os alumnos acadan os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación previstos no módulo e poder flexibilizar a programación de cara a cursos posteriores, podendo variar aspectos como a secuencia, profundidade e tempo asignado a cada unidade didáctica.

**8. Medidas de atención á diversidade****8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

O artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial establece que: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Neste módulo, recollerase esta información mediante un formulario creado para tal fin pola profesora, así como as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Para aqueles alumnos/as con maior dificultade de aprendizaxe poderánse establecer alternativas que se subirán a plataforma, de contido similar ás establecidas por defecto, que deberán realizarse de forma individual, que lles servirán de reforzo a para analizar a mesma cuestión desde distintos puntos de vista. Isto toda estará supervisado polo departamento de Orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En primeiro lugar, en cada actividade inclúense precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias. O manexo do computador entraña riscos, principalmente para a vista e para as costas, sen esquecer os riscos psicolóxicos derivados do seu abuso.

Ademais ao alumno váiselle a valorar a organización do seu posto de traballo e das actividades que realiza.

Co obxectivo dunha educación non sexista o profesor evitará comportamentos que se deriven da asignación de roles en función do sexo do alumno á hora de repartirse as tarefas.

Outros puntos a tratar son:

- Fomento da reciclaxe, tanto en material escolar como en material informático.
- Consideración das leis de protección de datos.
- Educación para o consumidor: Comercio Electrónico; as actualizacións de software online melloran as posibilidades do Consumidor/Distribución de software a través da rede.
- Educación moral e cívica: respecto polas leis de ordenación.; toma de medidas para a seguridade da rede fronte a intrusos, actos de vandalismo, Hackers, etc.; utilización de redes, servizos de información e bases de datos públicas .

Educación para o traballo: técnicas de intercambio de información corporativa, Intranet/Internet.

Educación en valores Democráticos.

- . Educación para a igualdade de oportunidades.
- . Educación para a paz.
- . Educación ambiental.
- . Educación moral e cívica.

Educación para a saúde.

Educación sexual.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste módulo non se desenvolven.

## 10. Outros apartados

### 10.1) NOTAS A TER EN CONTA

A profesora rexistrará diariamente, ó longo de todo o curso, todo o feito durante a clase (explicacións teóricas, exercicios, prácticas, actividades de avaliación) nun documento para cada unidade didáctica que me permitirá levar un bo seguemento da programación.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0440	Tratamento informático da información	2023/2024	10	267	319
MP0440_13	Operatoria de teclados	2023/2024	10	69	82
MP0440_23	Ofimática	2023/2024	10	160	192
MP0440_33	Multimedia	2023/2024	10	38	45

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LUZ BARREIRO NEIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título de Técnico/a en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Este/a profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ó público e á cidadanía.

### Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, increméntase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, loxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolver a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de esixencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

### Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

### Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

### Obxectivos xerais e competencias profesionais, persoais e sociais

A formación do módulo Tratamento informático da información debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) os obxectivos xerais b), d), e), p) q) e r) as competencias a), b), c), k), m) e r).

-Obxectivos xerais

- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- d) Analizar as posibilidades das aplicacións e dos equipamentos informáticos en relación coa eficacia do seu emprego no tratamento da información, para elaborar documentos e comunicacións.
- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.
- p) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.
- r) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.

-Competencias profesionais, persoais e sociais

- a) Tramitar documentos e comunicacións internas ou externas nos circuitos de información da empresa.
- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou de información obtida.
- c) Clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos segundo as técnicas apropiadas e os parámetros establecidos na empresa.
- k) Cumprir os obxectivos da produción, actuando conforme os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais axeitadas cos membros do equipo de traballo.
- m) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- r) Participar no traballo en equipo respectando a xerarquía definida na organización.

Relación de cualificacións e unidades de competencia do CNCP incluídas no título, relacionadas co módulo Tratamento informático da información

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

- a) Actividades administrativas de recepción e relación coa clientela, ADG307\_2 (Real decreto 107/2008, do 1 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0973\_1: Introducir datos e textos en terminais informáticos en condicións de seguridade, calidade e eficiencia.

- UC0233\_2: Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación.

- b) Actividades de xestión administrativa, ADG308\_2 (Real decreto 107/2008, do 1 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0973\_1: Introducir datos e textos en terminais informáticos en condicións de seguridade, calidade e eficiencia.

- UC0233\_2: Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Operatoria de teclados	Principios básicos de escritura ó tacto. Composición dun terminal. Desenvolvemento da destreza mecanográfica. Postura corporal, velocidade, precisión.	82	25
2	Xestión das aplicacións informáticas nas tarefas administrativas	Sistema operativo: aspectos xerais.	12	4

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	Uso da folia de cálculo	A aplicación de folia de cálculo para o tratamento da información. Busca, actualización, procesamento, mantemento e presentación da información para a súa axeitada xestión	65	20
4	Elaboración de documentos nun procesador de textos	Elaborar documentos utilizando as opcións dun procesador de textos.	75	24
5	Uso de bases de datos	Aplicacións de bases de datos para o tratamento da información. Buscas, procesamento, actualización, mantemento e presentación da información para a súa axeitada xestión	40	13
6	Elaboración de presentacións multimedia	Creación de presentacións utilizando aplicacións específicas	30	9
7	O correo electrónico	Manexo do correo electrónico. Seguridade. Protección de datos.	15	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados	82

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.
CA1.2 Mantívose a posición corporal correcta.
CA1.3 Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.
CA1.4 Precísáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.
CA1.5 Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.

Criterios de avaliación
CA1.6 Utilízase o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.
CA1.7 Utilízase o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.
CA1.8 Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.
CA1.10 Localizáronse e corríronse os erros mecanográficos.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Postura corporal ante o terminal. Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático. Colocación dos dedos. Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto: Escritura de palabras simples. Escritura de palabras de dificultade progresiva. Maiúsculas, numeración e signos de puntuación. Copia de textos con velocidade controlada. Escritura de textos Corrección de erros.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xestión das aplicacións informáticas nas tarefas administrativas	12

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza as funcións básicas dos sistemas operativos habituais na xestión e na procura de cartafolios e ficheiros, compartindo e actualizando recursos.	SI
RA2 - Instala e actualiza aplicacións informáticas relacionadas coa tarefa administrativa, e razoa os pasos seguidos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse os principios de organización dos sistemas operativos a través dos ficheiros e os cartafoles que os integran, utilizando esquemas en función da súa xerarquía.
CA1.2 Distingúronse as funcións básicas dos sistemas operativos na xestión de ficheiros e cartafoles.
CA1.3 Diferenciouse entre as aplicacións de xestión de ficheiros propios dun sistema operativo e o resto de aplicacións que se inclúen dentro del.
CA1.4 Explicáronse as prestacións fundamentais do sistema operativo que permiten procurar, archivar e manter a seguranza, a integridade e a confidencialidade da información.
CA1.5 Manexáronse sistemas operativos monousuario e multiusuario.
CA2.1 Identifícanse os requisitos mínimos e óptimos para o funcionamento da aplicación.
CA2.2 Identifícanse e establececéronse as fases do proceso de instalación e actualización.
CA2.3 Respectáronse as especificacións técnicas do proceso de instalación.
CA2.4 Configuráronse as aplicacións segundo os criterios establecidos.
CA2.5 Documentáronse as incidencias e o resultado final.
CA2.6 Solucionáronse problemas na instalación ou na integración co sistema informático.
CA2.7 Elimináronse e/ou engadíronse compoñentes da instalación no equipamento.
CA2.8 Respectáronse as licenzas de software.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Elementos de navegación ou exploración nun sistema operativo, e funcións básicas de exploración.
Xestión de ficheiros e cartafoles

Contidos
Programas propios do sistema operativo e os que se poidan incluír nel.  Prestacións fundamentais do sistema operativo.  Redes locais.  Contornos de usuarios.  Tipos de aplicacións ofimáticas.  Tipos de licenzas de software.  Necesidades dos contornos de explotación.  Requisitos das aplicacións.  Compoñentes e complementos das aplicacións.  Procedementos de instalación, configuración e actualización.  Diagnóstico e resolución de problemas.  Técnicas de asistencia ao usuario

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Uso da folia de cálculo	65

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos e patróns manexando opcións da folia de cálculo tipo.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Utilizáronse diversos tipos de estilos.
CA3.2 Utilizáronse diversos tipos de datos e referencias para celas, rangos, follas e libros.
CA3.3 Aplicáronse fórmulas e funcións.
CA3.4 Xeráronse táboas dinámicas e modificáronse gráficos de diferentes tipos.
CA3.5 Empregáronse patróns e asistentes.
CA3.6 Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.
CA3.7 Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e noutros formatos.
CA3.8 Utilizouse a folla de cálculo como base de datos: formularios, creación de listas, filtraxe, protección e ordenación de datos.
CA3.9 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir e imprimir textos, números, códigos e imaxes.
CA3.10 Traballouse en grupo cumprindo as normas de seguridade e integridade da información.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Estilos.
Uso de opcións de traballo en grupo, control de versións, verificación de cambios, etc.
Introdución á folla de cálculo: contorno de traballo, celas, rangos, libros, ringleiras, columnas e formatos.
Uso de fórmulas e funcións.
Creación de táboas e gráficos dinámicos.
Uso de patróns e asistentes.

Contidos
Deseño e creación de macros.
Importación e exportación de follas de cálculo.
Elaboración de bases de datos: formularios, listaxes, ordenación, filtros e protección de datos.
Elaboración e impresión de documentos de diversos tipos (orxamentos, facturas, inventarios, etc.).

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de documentos nun procesador de textos	75

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Utilizáronse as funcións, as prestacións e os procedementos dos procesadores de textos e da autoedición.
CA4.2 Identificáronse as características de cada tipo de documento.
CA4.3 Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada, aplicando as normas de estrutura.
CA4.4 Utilizáronse diversos tipos de estilos.
CA4.5 Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo.
CA4.6 Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.
CA4.7 Detectáronse e corrixióronse os erros cometidos.



**Criterios de avaliación**

CA4.8 Recuperouse e utilizouse a información almacenada.

CA4.9 Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.

CA4.10 Traballouse en grupo comparando documentos e versións, verificación de cambios, etc.

CA4.11 Elaboráronse macros adaptadas aos documentos administrativos.

**4.4.e) Contidos****Contidos**

Funcións básicas dun procesador de textos.

Normas de seguridade, integridade e confidencialidade da información.

Combinación de documentos.

Traballo en grupo: comparación de documentos, versións de documento, verificación de cambios, etc.

Deseño e creación de macros.

Uso de software e hardware para introducir textos e imaxes.

Estrutura dos documentos: divisións e seccións.

Elaboración de documentos de diversos tipos (manuais, partes de incidencias, etc.).

Estilos.

Formularios.

Creación e uso de patróns.

Inserción de obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.

Definición de idiomas e revisión ortográfica de documentos.

Importación e exportación de documentos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Uso de bases de datos	40

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de manipulación de datos en bases de datos ofimáticas tipo.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícaronse os elementos das bases de datos relacionais.
CA5.2 Creáronse bases de datos ofimáticas.
CA5.3 Utilizáronse as táboas da base de datos (inserir, modificar e eliminar rexistros).
CA5.4 Utilizáronse asistentes na creación de táboas e consultas, formularios e informes.
CA5.5 Realizáronse procuras e filtraxes sobre a información almacenada.
CA5.6 Aplicáronse macros en operacións repetitivas.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Elementos das bases de datos relacionais.
Creación de bases de datos.
Manexo de asistentes.
Procura e filtrado da información.

Contidos
Deseño e creación de macros.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Elaboración de presentación multimedia	30

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Integra imaxes dixitais e secuencias de vídeo en documentos da empresa, utilizando aplicacións tipo e periféricos.	SI
RA2 - Elabora presentación multimedia utilizando aplicacións específicas.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse os formatos de imaxes.
CA1.2 Realizouse a adquisición de imaxes con periféricos.
CA1.3 Traballouse con imaxes a diferentes resolucións, segundo a súa finalidade.
CA1.4 Importáronse e exportáronse imaxes en diversos formatos.
CA1.5 Analizáronse os tipos de formatos e códecs máis empregados.
CA1.6 Importáronse e exportáronse secuencias de vídeo e audio.
CA1.7 Capturáronse secuencias de vídeo cos recursos adecuados.

Criterios de avaliación
CA1.8 Recoñecéronse os elementos dunha secuencia de vídeo.
CA1.9 Elaboráronse guías básicas de tratamento de imaxes e vídeo.
CA1.10 Investigáronse novas ferramentas e opcións de programas audiovisuais.
CA2.1 Identificáronse as opcións básicas das aplicacións de presentacións.
CA2.2 Recoñecéronse os tipos de vista asociados a unha presentación.
CA2.3 Aplicáronse e recoñecéronse a tipografía e as normas básicas de composición, deseño e uso da cor.
CA2.4 Deseñáronse patróns de presentacións.
CA2.5 Creáronse presentacións.
CA2.6 Importáronse e exportáronse presentacións.
CA2.7 Deseñáronse e creáronse macros.
CA2.8 Utilizáronse periféricos para executar presentacións.
CA2.9 Aplicáronse métodos interactivos nas presentacións.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Elaboración de imaxes. Formatos, tipos e resolución. Uso de dispositivos para obter imaxes. Modificación dunha imaxe: Importación e exportación de imaxes. Uso de guías no tratamento de imaxes.
Manipulación de vídeos. Formatos de vídeo. Códecs. Importación e exportación de vídeos. Capturas de vídeo e audio. Secuencias de vídeo: Uso de guías no tratamento de vídeos. Investigación de novas ferramentas audiovisuais.
Utilidades dos programas de presentación.
Modos de visualización dunha presentación.
Recoñecemento de tipografías e normas básicas de composición, deseño e uso da cor.

Contidos
Uso de patróns e asistentes. Patróns de diapositivas.  Deseño e edición de diapositivas: Formatación de diapositivas, textos e obxectos. Aplicación de efectos de animación e efectos de transición. Aplicación de son e vídeo.  Importación e exportación de presentaciónns.  Deseño e creación de macros.  Presentación para o público: conexión a un proxector e configuración.  Interactividade nas presentaciónns.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	O correo electrónico	15

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona a rede internet, manexando diferentes navegadores.	SI
RA4 - Xestiona o correo e a axenda electrónica manexando aplicacións específicas.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os aspectos básicos de internet.
CA3.2 Utilizáronse ferramentas de navegación.
CA3.3 Identifícanse diversas aplicacións de internet para a empresa.
CA3.4 Aplicáronse as medidas de seguridade necesarias.

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse diversos tipos de contas de correo electrónico.
CA4.2 Descríbóronse os elementos dun correo electrónico.
CA4.3 Analizáronse as necesidades básicas de xestión do correo e da axenda electrónica.
CA4.4 Configuráronse contas de correo electrónico de diversos tipos.
CA4.5 Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.
CA4.6 Operouse co caderno de enderezos.
CA4.7 Traballouse con todas as opcións de xestión de correo electrónico (etiquetas, filtros, cartáfoles, etc.).
CA4.8 Identifícaronse diversos métodos de sinaturas corporativas.
CA4.9 Subscribiuse a grupos de noticias relacionados coa economía e administración.
CA4.10 Utilizáronse opcións de axenda electrónica.
CA4.11 Utilizáronse manuais de asistencia ao usuario.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Xestión de internet: Conceptos básicos de internet. Navegadores. Identificación de diversas aplicacións de internet para a empresa: melloras nos procesos de negocios; xestión de provedores e clientes; edición electrónica; venda polo miúdo, etc.
Aplicación das medidas de seguridade necesarias: Riscos. Medidas preventivas. Tornalumes. Seguridade na web. Política corporativa de seguridade en internet.
Tipos de contas de correo electrónico.
Xestión de datos e seguridade das aplicacións da axenda electrónica.
Técnicas de asistencia ao usuario.
Contorno de traballo: configuración e personalización dun correo electrónico.

**Contidos**

Xestión do correo (enviar, borrar, gardar, facer copias de seguridade, etc.) e da axenda (citas, calendario, avisos, tarefas, etc.).

Configuración de contas de correo electrónico.

Patróns e sinaturas corporativas.

Foros de novas (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes.

Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listaxes de distribución e pór a lista ao dispor doutras aplicacións ofimáticas.

Seguridade na xestión do correo: etiquetaxe, filtros, cartafoles, etc.

Sincronización con dispositivos móbiles.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva serán os establecidos como criterios de avaliación mínimos en cada unidade didáctica de acordo coa ponderación establecida, segundo consta no apartado 4. c.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, precisando da presentación das tarefas que aparecen na plataforma, nos prazos habilitados.

As notas das distintas avaliacións obteranse das probas obxectivas e da valoración das probas de desempeño das tarefas realizadas nos respectivos trimestres.

**EXAME**

-O exame constará de supostos teóricos e/ou prácticos, indicándose no mesmo a puntuación correspondente a cada apartado. O peso do exame presencial será dun 90% na nota da avaliación. O exame poderá conter varias prácticas independentes correspondentes ás distintas unidades didácticas que entren na avaliación.

**MECANOGRAFÍA**

A nota obterase mediante unha proba obxectiva que consistirá na realización dunha proba mecanográfica de velocidade cun máximo de 1 erro por minuto. Dita proba realizarase co Programa Mecanet.

Será valorada de acordo coa seguinte escala:

Nota 0: de 0 a 75 ppm (pulsaciones por minuto)

Nota 1: de 76 a 120 ppm

Nota 2: de 121 a 140 ppm

Nota 3: de 141 a 160 ppm

Nota 4: de 161 a 180 ppm

Nota 5: de 181 a 200 ppm

Nota 6: de 201 a 220 ppm

Nota 7: de 221 a 240 ppm

Nota 8: de 241 a 270 ppm

Nota 9: de 271 a 300 ppm

Nota 10: Mais de 300 ppm

A proba de mecanografía realizarase no primeiro trimestre.

O alumnado que a supere, para o que terá que obter alomenos un 5, xa non terá que volver a examinarse desta unidade.

No caso de non superala, poderá volver a examinarse no segundo e no terceiro trimestre, considerando esta nota como a recuperación e por tanto, modificando a nota da primeira avaliación.

#### TAREFAS

As tarefas da plataforma realizadas e enviadas no prazo indicado, terán un peso do 10% na cualificación da avaliación.

As tarefas serán propostas polo profesorado a través da plataforma indicando a data de entrega. O incumprimento da data de entrega, invalida a porcentaxe da nota asignada ao traballo, polo que será considerada como non presentada, polo que o 100% da nota virá de probas obxectivas especialmente preparadas para o caso e baseadas nos mínimos exixibles, sendo por tanto a nota máxima que o alumnado podería obter un 9.

Non se terán en conta na nota da avaliación os exames que os alumnos realizan na plataforma (xa que a súa realización é voluntaria).

A nota final do módulo será a parte enteira da media ponderada da cualificación de cada unidade segundo os pesos reflexados nesta programación.

Considérase aprobado o módulo cando a media ponderada final é igual ou superior a 5.

O alumnado que suspenda algunha avaliación poderá presentarse á recuperación da mesma (só da/s parte/s non aprobada/s) ó final de curso.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizarase un exame parcial, que será presencial, por trimestre. A avaliación que se aprrobe queda liberada dentro do curso.

O cuarto exame, que á súa vez é final, serve de recuperación para as partes que non se aprobaron por trimestres. É un exame presencial. A el só debe asistir aquel alumnado ó que lle quede algunha ou todas as partes por aprobar. Este exame versará sobre os contidos da/s avaliación/s suspensa/s, incluírá a puntuación de cada apartado no mesmo, e suporá un 90% da nota.

Os criterios de cualificación no exame final e de recuperación son os mesmos que os indicados no apartado 5 de esta programación. Polo tanto as tarefas en liña teñen un peso do 10%; se o alumnado non as entregou en forma e prazo a nota nesta parte será dun cero.

A nota final do módulo será a parte enteira da media ponderada da cualificación de cada unidade ou, si fora o caso, das recuperacións una vez aplicadas as correspondentes porcentaxes de peso na cualificación global.

Para superar o módulo esta media será, alomenos, dun 5.

Os exames poderán ter tres partes diferenciadas, unha teórica, unha práctica e unha proba mecanográfica que serán cualificadas segundo os criterios de puntuación que figurarán no propio exame.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na modalidade a distancia non existe a perda de dereito a avaliación continua.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente farase o seguimento da programación, nas reunións de departamento e na aplicación informática de programacións.

Para a avaliación da propia práctica docente estarase ó acordado no departamento. Podería elaborarse un cuestionario a cumprimentar polo alumnado unha vez rematado o curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumna e alumno, así como as súas circunstancias particulares con incidencia educativa. Levarase a cabo mediante algún cuestionario a cumprimentar polo alumnado e mediante a observación na realización das tarefas que se pide entreguen na plataforma.

Na avaliación inicial tomaranse as medidas de reforzo educativo que se estimen oportunas, co asesoramento do Departamento de Orientación do centro.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Consistirán basicamente na atención personalizada na aula durante as horas de titoría presencial, e/ou nas de titoría individual, e no establecemento de tarefas complementarias co seguimento da profesora.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Transmitiranse valores cívicos que fagan que o alumnado teña maior conciencia de cidadáns e saiban comportarse de forma axeitada posteriormente no mundo profesional.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non están contempladas actividades extraescolares.



## 10. Outros apartados

### 10.1) Desenvolvemento

O módulo disporá dun curso aberto na Plataforma (aula virtual distancia), no que se irán abrindo contidos segundo a temporalización das unidades didácticas, e se incluírá material complementario, se for necesario.

Plantexaranse as tarefas que o alumnado presentará online, no prazo indicado, na propia plataforma.

Mediante o foro de novas e avisos anunciaranse as unidades que se van abrindo e outras novas que poidan ser de interese para o alumnado.

O alumnado plantexará as súas dúbidas no foro da unidade ou en mensaxe privada coa antelación suficiente, para poder organizar titorías colectivas de resolución de dúbidas, no caso de haber varias na mesma liña. Así, a profesora poderá comunicar clases colectivas para a resolución desas dúbidas que se repiten, con tempo para que asista o alumnado que o precise.

Para as titorías individuais, o alumnado porase en contacto, tamén por foro ou mensaxe, e a profesora indicarlle horario para recibilos, ou solucionar as dúbidas que poda ter, preferentemente online.

A profesora estará conectada na Aula Virtual de Distancia no horario de titorías individuais do módulo, e no horario de titorías colectivas, sempre que a resolución de dúbidas o permita.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2023/2024	5	133	159

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JESÚS MOSTEIRO LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial establece no seu artigo 2 que o currículo será o mesmo que o establecido para a modalidade presencial.

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección mediambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ao público e a cidadanía.

### Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, incrementase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, lóxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolveren a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de exigencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

### Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

**Competencia xeral.**

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

**Competencias profesionais, persoais e sociais**

A formación do módulo Técnica Contable debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) as competencias profesionais, persoais e sociais a, c, d, e r, estas son:

- a) Tramitar documentos e comunicacións internas a partir de ordes recibidas ou da información obtida.
- c) Clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos segundo as técnicas aprobadas e os parámetros establecidos pola empresa.
- d) Rexistrar contablemente a documentación soporte correspondente a operativa da empresa en condicións de seguridade e calidade.
- r) Participar no traballo en equipo respectando a xerarquía definida na organización
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e as novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

**Obxectivos Xerais**

A formación do módulo Técnica Contable debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) os obxectivos xerais b, f, g, h e p, estas son:

- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicación e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- q) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuírán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos patrimoniais das organizacións económicas	O aspecto estático (balance e inventarios)	14	10
2	A metodoloxía contable	O aspecto dinámico (movementos das contas). Exercicios completos	30	20
3	O Plan Xeral Contable (PXC) das Pequenas e Medianas Empresas (PEMES)	Codificación de contas e interpretación de normas	10	10
4	Contabilización de feitos económicos básicos I	Compra e venda de mercadorías. As existencias. O IVE	30	20

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Contabilización de feitos económicos básicos II	Outros gastos e ingresos.	10	10
6	Contabilización de feitos económicos básicos III	Inmovilizado material: amortización. Fontes de financiamento	30	10
7	Contabilización de feitos económicos básicos IV	Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable	10	10
8	Contabilización mediante aplicacións informáticas	Asentos e balances en aplicacións informáticas	25	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos patrimoniais das organizacións económicas	14

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.2.1 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento
CA1.2.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e gasto
CA1.2.3 Diferenciáronse os conceptos de gasto e pagamento

Criterios de avaliación
CA1.2.4 Diferenciáronse os conceptos de ingreso e cobramento
CA1.3 Distinguíronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.
CA1.3.1 Distinguíronse os tipos de empresas segundo a súa forma xurídica
CA1.3.2 Distinguíronse os tipos de empresas segundo o sector económico a que pertencen
CA1.3.3 Distinguíronse os tipos de empresas segundo o seu tamaño
CA1.4 Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exíxible e o patrimonio neto.
CA1.5.1 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo
- 2.1.- Teóricos ..... 35%
- 2.2.- Prácticos ..... 45%

**CÁLCULO DAS NOTAS:**

-Traballos ou exercicios realizados polo alumnado: Porase un prazo máximo de entrega para cada un deles. Unha vez superado non se poderá realizar a entrega. A nota calcularase en función do número de traballos entregados, mediante regra de tres.

-Exames teóricos: Para determinar a nota súmanse as preguntas acertadas e as incorrectas, réstanse as unhas das outras e mediante a seguinte regra de tres, calcúlase a nota:

Nº total de preguntas ----- 10

(Acertadas - Incorrectas) ----- X

-Exames prácticos: Comprenden 2 exercicios prácticos por exame. O alumnado parte de 10 puntos e por cada erro cometido en calquera dos dous exercicios, restaranse 1 punto. Non se terán en conta os erros de cálculo. Se un alumno deixa calquera dos 2 exercicios en branco o outro puntuarase sobre 5 puntos.

**-OUTRAS CUESTIÓNS:**

I.-Non se realizarán exames fora das datas previstas.

II.-A cualificación final do módulo será a media das cualificacións das unidades didácticas.

III.-A temporalización deste módulo realizarase ao longo do curso académico de acordo coas sesións asignadas a cada unidade didáctica.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non acade o aprobado, terá dereito a un exame final de recuperación das avaliacións que teña suspensas.

Ditas probas realizaranse ao remate da terceira avaliación, seguindo os criterios expostos no apartado 5 desta programación.

Si se trata de traballos a entregar en cada avaliación ou unidade didáctica e non o fixera en prazo, deberá entregalos na data na que se fixe dito exame de recuperación.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

En distancia non hai perda do dereito a avaliación continua.

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A programación trata de ser o suficientemente flexible e aberta para que, se poidan facer cambios que dan resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumn@.

Cunha periodicidade mensual revisárase a programación establecida para facer os axustes oportunos tanto nos contidos como na temporalización.

Ó final do ano realízase unha valoración global.

**8. Medidas de atención á diversidade****8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumn@, así como as súas capacidades, e servirá para orientar e situar ó alumnado en relación co seu perfil profesional correspondente.

A través da avaliación inicial procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñeranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto (asesorados polo departamento de orientación).

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias segundo o establecido na normativa dos ciclos de FP.

Consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.

A programación trata de ser o suficientemente flexible e aberta para que, se podan facer cambios que dan resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumn@.

Proporáanse actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada alumn@ e adaptárase o ritmo de exposición dos novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas e adaptadas a realidade e o entorno no que viven os alumn@ para que lles sexa máis fácil asimilalos.



A atención específica a este alumnado ten por finalidade que estes alumn@s poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos mínimos establecidos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais está presente en tódalas unidades didácticas que forman o módulo ca finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade cívica e democrática.

A Formación Profesional non trata de variar os contidos dalgúns módulos, senón de encherlos todos, cunha óptica necesaria para a formación en valores.

Educación Moral e Cívica: Preténdese que se reflicta en clase normas e actitudes para a convivencia. As relacións do ser humano consego mesmo e cos demais pobos, razas e confesións. Así coma o respecto ós animais.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: O obxectivo é que os alumn@s sexan conscientes da igualdade de dereitos e deberes independentemente do sexo da persoa.

Educación ambiental: Búscase concienciar aos alumn@s de que as empresas hai que crealas preservando o medio ambiente para evitar impactos no medio que afecten a xeracións futuras.

Educación do consumidor: O alumn@ debe valorar de forma crítica o proceso de compra venda mercantil coñecendo os dereitos e obrigacións como consumidor do criterio educativo.

Educación para a paz: Preténdese dotar ós alumnose de valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenrolo da autonomía persoal e a toma de decisións.

Educación para a saúde: Debe ser entendida como un estado de benestar xeral da persoa: físico , psíquico e social.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumn@s participarán nas actividades que fixen, no seu conxunto, o departamento.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0443	Tratamento da documentación contable	2023/2024	4	105	126

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ALEJANDRO BENIGNO REY REY
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección mediambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ao público e a cidadanía.

### Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, incrementase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, lóxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolveren a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de exigencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

### Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

### Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

### Competencias profesionais, persoais e sociais

A formación do módulo Tratamento da Documentación Contable debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) as competencias profesionais, persoais e sociais a, b, c, d, e e r, estas son:

a) Tramitar documentos e comunicacións internas a partir de ordes recibidas ou da información obtida.

- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou información obtida.
- c) Clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos segundo as técnicas aprobadas e os parámetros establecidos pola empresa.
- d) Rexistrar contablemente a documentación soporte correspondente a operativa da empresa en condicións de seguridade e calidade.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e as novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

**Obxectivos Xerais**

A formación do módulo Tratamento da Documentación Contable debe contribuir a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) os obxectivos xerais b, f, g, h e p, estas son:

- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicación e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- p) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PREPARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOPORTE DE FEITOS ECONÓMICOS	Preparación da documentación que serve para anotar os feitos contables	18	5
2	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS I	Rexistro contable das operacións iniciais, compras e vendas de mercancías	36	40
3	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS II	Rexistro contable dos gastos e ingresos, inmovilizado, Financiamento, I+D+i	28	25
4	CONTABILIZACIÓN DE OPERACIÓNS DUN EXERCICIO ECONÓMICO COMPLETO	Rexistro contable completo dun exercicio económico, dende apertura ao peche	32	25
5	COMPROBACIÓN DE CONTAS	Comprobación da documentación laboral, fiscal e mercantil. Conciliación bancaria	12	5

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	PREPARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOPORTE DE FEITOS ECONÓMICOS	18

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.
CA1.3 Efectuáronse propostas para o arranxo de erros.
CA1.4 Clasificouse a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.
CA1.5 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.
CA1.7 Mantívose un espazo de traballo co grao apropiado de orde e limpeza.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Documentación mercantil, laboral, fiscal e contable.

Contidos
Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable.  Documentos xustificantes mercantís tipo.  Requisitos da lexislación mercantil na documentación contable.  Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS I	36

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.
CA2.2 Codifícaronse as contas conforme o PXC.
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Existencias. 0Rexistro contable informático dos feitos económicos habituais. <a href="#">Operacións Iniciais da empresa</a> Operacións relacionadas con compras e vendas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS II	28

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.
CA2.2 Codifícanse as contas conforme o PXC.
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.
CA2.5 Cubríronse os campos do libro de bens de investimento por medios manuais e/ou informáticos.
CA2.6 Contabilizáronse as operacións relativas á liquidación do IVE.

Criterios de avaliación
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
0Rexistro contable informático dos feitos económicos habituais.  Gastos e ingresos.  Inmobiliado material: libro de bens de investimento; amortizacións; baixas.  Deterioración de valor.  Financiamento.  Contabilización e liquidación do IVE.  Cálculo do resultado.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	CONTABILIZACIÓN DE OPERACIÓNS DUN EXERCICIO ECONÓMICO COMPLETO	32

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	SI



**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.
CA3.2 Introduciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.
CA3.3 Obtivéronse periodicamente os balances de comprobación de sumas e saldos.
CA3.4 Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do pechamento do exercicio económico.
CA3.5 Introducíronse correctamente na aplicación informática as amortizacións correspondentes, as correccións de valor reversibles e a regularización contable que corresponda a un exercicio económico concreto.
CA3.6 Obtívose con medios informáticos o cálculo do resultado contable e o balance de situación final.
CA3.7 Preparouse a información económica salientable para elaborar a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.
CA3.8 Elaborouse a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.
CA3.9 Verificouse o funcionamento do proceso, contrastando os resultados cos datos introducidos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Asentamento de apertura.
Rexistro contable de operacións diarias.
Balance de comprobación de sumas e saldos.
Axustes e regularizacións previos ao pechamento.
Conta de perdas e ganancias.
Balance de situación final.
Memoria.

Contidos
Asentamento de pechamento.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	COMPROBACIÓN DE CONTAS	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Verifícanse os saldos das contas debedoras e acreedoras da Administración coa documentación laboral e fiscal.
CA4.2 Cotexáronse periodicamente os saldos dos préstamos e dos créditos coa documentación soporte.
CA4.3 Circularizáronse os saldos de clientes e provedores de acordo coas normas internas recibidas.
CA4.4 Comprobáronse os saldos da amortización acumulada dos elementos do inmovilizado acorde co manual de procedemento.
CA4.5 Efectuáronse os punteamentos das partidas ou asentamentos para efectuar as comprobacións de movementos ou a integración de partidas.
CA4.6 Efectuáronse as correccións adecuadas a través da conciliación bancaria para que os libros contables e o saldo das contas reflictan as mesmas cantidades.
CA4.7 Comprobouse o saldo das contas como paso previo ao inicio das operacións de pechamento do exercicio.
CA4.8 Comunicáronse os erros detectados segundo o procedemento establecido.

**Criterios de avaliación**

CA4.9 Utilizáronse aplicacións informáticas para a comprobación dos rexistros contables.

CA4.10 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.

**4.5.e) Contidos****Contidos**

Comprobación dos rexistros contables coa documentación laboral e fiscal, coa bancaria e coa mercantil.

Punteamento.

Conciliación bancaria.

Comprobación nas aplicacións informáticas.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS EXIXIBLES**

Os criterios de avaliación son os indicadores das aprendizaxes que debe conseguir o alumnado e, polo tanto, serven de referencia para avaliar as capacidades que adquiriu.

Os mínimos exixibles son aqueles criterios de avaliación que se consideran básicos para que o alumnado alcance unha avaliación positiva no módulo.

Serán os seguintes desenvolvidos por unidades didácticas:

Unidade didáctica 1: Preparación de documentación soporte de feitos económicos

\*Identificáronse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.

\*Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.

\*Clasificouse a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos

\*Arquívuse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.

Unidade didáctica 2: Rexistro contable de feitos económicos habituais I (subgrupos 60 e 70)

\*Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas

\*Codifícanse as contas conforme o PXC

\*Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC

\*Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais

Unidade didáctica 3: Rexistro contable de feitos económicos habituais II (tesourería, I+D, Inmobiliado, efectos)

\*Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas

\*Codifícanse as contas conforme o PXC

\*Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC

\*Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais

Unidade didáctica 4: Contabilización de operacións dun exercicio económico completo

\*Identifícanse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.

\*Introduciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.

\*Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do peche do exercicio económico.

\*Introducíronse correctamente na aplicación informática as amortizacións correspondentes, as correccións de valor reversibles e a regularización contable que corresponda a un exercicio económico concreto.

\*Obtivose con medios informáticos o cálculo do resultado contable e o balance de situación final.

\*Preparouse a información económica salientable para elaborar a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.

\*Elaborouse a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.

\*Verificouse o funcionamento do proceso, contrastando os resultados cos datos introducidos.

Unidade didáctica 5: Comprobación de contas

\*Verifícanse os saldos das contas debedoras e acreedoras da Administración coa documentación laboral e fiscal.

\*Cotexáronse periodicamente os saldos dos préstamos e dos créditos coa documentación soporte

\*Comprobáronse os saldos da amortización acumulada dos elementos do inmovilizado acorde co manual de procedemento

\*Efectuáronse os punteamentos das partidas ou asentamentos para efectuar as comprobacións de movementos ou a integración de partidas.

\*Efectuáronse as correccións adecuadas a través da conciliación bancaria para que os libros contables e o saldo das contas reflictan as mesmas cantidades.

\*Comprobouse o saldo das contas como paso previo ao inicio das operacións de pechamento do exercicio

\*Comunicáronse os erros detectados segundo o procedemento establecido

#### METODOLOXÍA

O alumnado, a través dos contidos que se lle ofrecen ao longo do curso, irá adquirindo os conceptos básicos para introducirse no módulo profesional. As actividades de autoavaliación e as tarefas afianzarán e concretarán a súa aprendizaxe funcional. Suscitarase o debate e a posta en común de ideas, mediante a participación activa do alumnado a través do foro, respectando a pluralidade de opinión. Propiciarase que o alumnado sexa suxeito activo da súa propia aprendizaxe, tentando igualmente fomentar o traballo e a participación.

Contémpanse os seguintes materiais didácticos: Unidades de traballo contidas na plataforma. Casos prácticos. Enderezos da internet. Tarefas en liña e presenciais. Material complementario.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

Durante o curso haberá tres avaliacións, a avaliación será continua e a cualificación en cada avaliación será o resultado dos seguintes elementos:

**PROBAS ESCRITAS (EXAMES):** 85 % da nota. Son probas escritas de carácter presencial e obrigatorio. Poden incorporar cuestionarios con preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas tipo test, preguntas con resposta breve e supostos prácticos similares aos analizados en cada unidade didáctica.

Realizaranse probas escritas en cada avaliación, atendendo aos criterios de avaliación establecidos na programación, e relativos as unidades didácticas a examinar.

As probas escritas cualificaranse de 0 a 10 puntos tal e como establece a normativa. Os exames aprobados (nota mínima 5) serán liberatorios de materia para o exame final.

Estes exames teñen carácter obrigatorio e realizaranse no centro docente nas datas indicadas.

A ausencia a estas probas conlevará automaticamente un cero neste apartado.

**B. TAREFAS AVALIABLES:** 15 % da nota.

En cada avaliación realizaranse tarefas avaliáveis que consistirán na resolución de supostos prácticos e/ou cuestionarios sobre a unidade..

O alumnado deberá realizar as tarefas propostas como avaliáveis polo profesor e entregalas telemáticamente en forma e prazo. As tarefas deben entregarse seguindo as instrucións, respectando as normas e os prazos establecidos. Fóra de prazo non se admitirá a entrega de tarefas. O feito de non enviar as tarefas conlevará automaticamente un cero neste apartado da nota.

A avaliación estará superada cando o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos aplicándose os dous elementos de avaliación mencionados nos parágrafos anteriores en cada unha das avaliacións do curso.

O alumnado que teña algunha avaliación pendente poderá presentarse á proba final que se celebrará no mes de xuño na data sinalada.

A cualificación será numérica, entre 1 e 10, con 2 decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco. As puntuacións que aparezan nos boletíns serán, tal e como regula a normativa, sen decimais.

Nota final do módulo:

A cualificación final do módulo virá dada pola media ponderada de cada unha das avaliacións, sempre que todas elas estean aprobadas. En caso contrario a cualificación do módulo será como máximo de 4 puntos.

A programación estará ao dispor do alumnado no curso de TDC da plataforma de FP a distancia na que está matriculado todo o alumnado do módulo para que a poidan consultar no momento que o consideren necesario. Ademais toda a información relativa aos mínimos esixibles e ao sistema de avaliación resúmeselle ao alumnado nos primeiros días de curso e cólgase unha copia de dito documento na plataforma de FP a distancia.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial, poderá realizar a través da plataforma actividades complementarias para traballar aqueles aspectos da materia nos que necesite afondar. Estas actividades serán voluntarias e non terán incidencia na cualificación final.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non existe proba de avaliación extraordinaria xa que non existe perda da avaliación continua para alumnos que estudian na modalidade a distancia.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Revisarase a programación mensualmente para comprobar o seu seguimento. De non cumprirse analizarase, os motivos e intentarase arranxar as desviacións sempre que isto sexa viable.

Empregarase un diario de aula, no cal partindo desta programación organizada en unidades didácticas secuenciais no tempo, recolleranse día a día as actividades realizadas, así como as observacións que se consideren oportunas, para continuar co correcto desenvolvemento da programación inicial.

E ademais: O artigo 9 da Orde do 7 de xuño de 2016 (DOG do 15) establece que; en desenvolvemento do establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, os centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de formación profesional deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a aplicación informática web de programacións. En consecuencia co anteriormente exposto, o seguimento desta programación realizarase mediante a aplicación informática web facilitada pola Consellería de Educación.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación do alumnado, así como as súas capacidades, e servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co seu perfil profesional correspondente.

A través da avaliación inicial procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto (asesorados polo departamento de orientación).

A medida que se desenvolvan as primeiras sesións, farase a avaliación inicial observando a realización das primeiras tarefas, así como a pertinencia das cuestións feitas no foro e nas titorías presenciais

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade que se produce no alumnado e os distintos ritmos de aprendizaxe con que nos podemos atopar realizaranse os seguintes tipos de actividades:

Para aquel alumnado con maior dificultade de aprendizaxe poderanse establecer tarefas alternativas de contido similar ás outras realizadas na clase, que deberán realizar de forma individual, que lles servirán de reforzo e para analizar a mesma cuestión desde distintos puntos de vista.

Para aquel alumnado que lle resulte máis fácil a comprensión e a aprendizaxe realizaranse actividades, de forma individual ou en grupos, para afondar naqueles temas que lles interesen máis. Principalmente este tipo de actividades consistirá na realización de supostos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

As capacidades persoais e sociais de carácter transversal nas que se incidirá a través das actividades de ensino e aprendizaxe, tanto na titoría colectiva presencial como as que se realicen na plataforma de teleaprendizaxe, son as seguintes:

- 1.- A Ética profesional. A ética profesional no mundo empresarial debe ser un valor que hai que fomentar ao formar os profesionais da empresa en xeral e en particular ós profesionais da Contabilidade. Trátase de involucrar ó alumnado nos valores democráticos propios de unha sociedade moderna.
- 2.- Outros temas os que se lles debe prestar atención son: respecto os demais, a equidade, a honradez, a solidariedade, o cumprimento da palabra dada para crear hábitos persoais e sociais que leven o rexeitamento de prácticas inmorais. Débese fomentar unha visión crítica das prácticas fraudulentas.
- 3.- Igualdade de dereitos e oportunidades, hai que motivar o alumno contra todo tipo de discriminación por razóns de sexo, relixión, cultura, etnia etc. Mediante o respecto ó diferente

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non haberá actividades complementarias nin extraescolares



## 10. Outros apartados

### 10.1) PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

Estará a disposición do alumnado na Aula Virtual

Así mesmo a Dirección publicará todas as programacións na páxina Web do instituto

### 10.2) RECURSOS E MÉTODO

#### MATERIAIS E RECURSOS

- Apuntes facilitados pola plataforma para cada unha das unidades didácticas.
- Material subido á plataforma polo profesor.
- Plan xeral de contabilidade de PEMES.
- Material necesario para a resolución das probas presenciais.

#### METODOLOXÍA

Os contidos teóricos do curso están estruturados en unidades didácticas que se irán poñendo a disposición do alumno paulatinamente.

Igualmente se irán facilitando as tarefas correspondentes para cada unidade didáctica, que deberán ser realizadas nos prazos e forma debidos. A dispoñibilidade das mesmas será anunciada no foro de novas.

As tarefas devolveranse ao alumnado corrixidas o antes posible, coa finalidade de que poida revisalas e aprender dos posibles fallos.

Cada unidade didáctica conta con un foro de dúbidas que o alumnado deberá utilizar para expoñer as cuestións e dúbidas sobre a materia.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0446	Empresa na aula	2023/2024	6	156	187

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSALÍA GARCÍA SEIJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación está elaborada de acordo ao determinado no Real decreto 1631/2009, de 30 de outubro (modificado polo Real Decreto 1126/2010, de 10 de setembro), que establece o título de técnico en xestión administrativa e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e no Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do mesmo.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección mediambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ao público e a cidadanía.

### Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, increméntase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, lóxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolveren a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de exigencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

A formación do módulo Empresa na aula debe contribuír a alcanzar os obxectivos xerais que se relacionan:

- a) Analizar o fluxo de información, así como a tipoloxía e a finalidade dos documentos e das comunicacións que se utilizan na empresa, para a súa tramitación
- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa, e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información
- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicacións e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e a metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentamentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- m) Formalizar documentación e preparar informes consultando a normativa e as vías de acceso á Administración pública (internet, oficinas de atención ao público, etc) e empregando, de ser o caso, aplicacións informáticas específicas.
- n) Seleccionar datos e formalizar documentos derivados da área comercial, interpretando normas mercantís e fiscais, para realizar as xestións administrativas correspondentes.
- o) Coñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.
- v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres

Esta programación vai dirixida a alumnado matricuado na modalidade a distancia, alumnado altamente motivado que maioritariamente xa está a traballar, pero necesita obter una cualificación ou prepararse para a realización doutra profesión, tendo que compaxinar, en moitos casos, traballo e estudos.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A empresa na aula: ti es a empresa	Características dunha empresa prototipo. Lanzamento da empresa ao mercado.	30	14
2	Información e comunicación na empresa.	Tratamento da información na empresa. Comunicación interna e externa.	28	14
3	Departamento Administrativo (I): laboral e fiscal	Xestión de persoal. Contratación e nóminas. Fiscalidade.	40	25

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Departamento Administrativo (II): aprovisionamento e contabilidade.	Aprovisionamento e xestión de almacén. Xestión de tesourería e proceso de elaboración de información contable.	42	24
5	A política comercial	Organización da área de vendas. O márketing.	16	8
6	A atención ao cliente	Análise dos procesos de atención ao cliente ou servizo postventa.	16	8
7	Traballo en equipo	Características do traballo en equipo. Roles no equipo de traballo. Planificación do proxecto.	15	7

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A empresa na aula: ti es a empresa	30

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica as características do proxecto de empresa creada na aula, e toma parte na actividade que esta desenvolve.	SI
RA7 - Traballa en equipo, e recoñece e valora as achegas de cada membro do grupo.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as características internas e externas da empresa creada na aula.
CA1.2 Identifícaronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa creada: provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización, almacenamento, etc.
CA1.3 Identifícaronse os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.
CA1.4 Relacionáronse características do mercado, tipo de clientes e provedores, e a súa posible influencia no desenvolvemento da actividade empresarial.
CA1.5 Valorouse a polivalencia dos postos de traballo administrativos no desenvolvemento da actividade da empresa.

Criterios de avaliación
CA1.6 Integrouse na empresa creada na aula, e describiu a súa relación co sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
CA7.1 Mantívose unha actitude de respecto polo profesor ou a profesora xerente, así como polos compañeiros e as compañeiras.
CA7.2 Cumpríronse as ordes recibidas.
CA7.3 Mantívose unha comunicación fluída cos compañeiros e as compañeiras.
CA7.4 Expuxéronse opinións e puntos de vista ante unha tarefa.
CA7.5 Valorouse a organización da propia tarefa.
CA7.6 Complementouse o traballo entre os compañeiros e as compañeiras.
CA7.7 Transmítiuse a imaxe da empresa.
CA7.8 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA7.9 Respectáronse as normas establecidas e a cultura empresarial.
CA7.10 Mantívose unha actitude proactiva, participando no grupo e desenvolvendo iniciativa emprendedora.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Actividade, estrutura e organización da empresa na aula.
Definición de postos e tarefas. Polivalencia do traballo administrativo.
Proceso de acollemento e integración.
Equipamentos e grupos de traballo.
Integración e posta en marcha dos equipos na empresa.
Planificación.

Contidos
Toma de decisións.
Ineficiencias e conflitos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Información e comunicación na empresa.	28

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Transmite información entre as áreas e á clientela interna e externa da empresa creada na aula, con aplicación de técnicas de comunicación.	SI
RA3 - Organiza información para explicar os métodos manuais e os sistemas informáticos previstos.	SI
RA7 - Traballa en equipo, e recoñece e valora as achegas de cada membro do grupo.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilízase a forma e as técnicas adecuadas na atención e no asesoramento.
CA2.2 Mantívose unha actitude correcta na atención e no asesoramento.
CA2.3 Transmítese a información con claridade e precisión.
CA2.4 Utilízase o tratamento protocolario axeitado.
CA2.5 Identifícase o emisor e o receptor nunha conversa telefónica ou presencial.
CA2.6 Identifícase o remitente e o destinatario en comunicacións escritas recibidas.
CA2.7 Rexístrase a información relativa ás consultas realizadas, na ferramenta de xestión da relación coa clientela.

Criterios de avaliación
CA2.8 Aplicáronse técnicas de negociación básicas con clientes e provedores.
CA3.1 Aplicáronse procedementos adecuados para a obtención de información necesaria na xestión de control de calidade do servizo prestado.
CA3.2 Tramitouse correctamente a información ante a persoa ou o departamento da empresa que corresponda.
CA3.3 Aplicáronse as técnicas de organización da información.
CA3.4 Analizouse e sintetizouse a información subministrada.
CA3.5 Manexouse como usuario a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores, etc.
CA3.6 Aplicáronse as técnicas manuais e informáticas de arquivo predecidas.
CA7.1 Mantívose unha actitude de respecto polo profesor ou a profesora xerente, así como polos compañeiros e as compañeiras.
CA7.8 Realizouse cada tarefa con rigor e corrección para obter un resultado global satisfactorio.
CA7.9 Respectáronse as normas establecidas e a cultura empresarial.
CA7.10 Mantívose unha actitude proactiva, participando no grupo e desenvolvendo iniciativa emprendedora.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Atención a clientes.
Comunicación con provedores e empregados.
Técnicas de negociación con provedores e clientes.
Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este Ciclo formativo. Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, e na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial.

Durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe introducíranse as medidas necesarias para a atención á diversidade en canto a modificación de espazos, tempo para a realización de probas, dispositivos de axuda ou outras que se precisen para adaptarse as circunstancias do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso neste módulo atenderase, polos seus propios contidos, ao desenvolvemento de aspectos tales como a preocupación por mostra-la imaxe fiel do patrimonio empresarial, a integración nun equipo de traballo con responsabilidades concretas e fins comúns, o respecto polo segredo da información contable e a colaboración e participación en equipo.

Na medida do posible incluíranse aspectos que fomenten a responsabilidade individual e o respecto ao alleo facendo referencia a cultura empresarial, a ética empresarial e a responsabilidade social corporativa.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Propoñeranse na reunión correspondente as visitas seguintes:

- Casa Grande de Xanceda, S.A.T. como exemplo de dinamización do rural galego e de innovación a través de produtos propios de Galiza.
- Visita á sucursal do Banco de España en A Coruña.

**10. Outros apartados****10.1) Bibliografía**

O contido obxecto de avaliación será ao que acceda o alumnado a través da plataforma FP a distancia. Como material de consulta, non obrigatorio, recoméndanse os seguintes manuais:

OPERACIONES AUXILIARES DE GESTIÓN DE TESORERÍA. Pedro María Garayoa Alzórriz. McMillan Profesional.

GESTIÓN FINANCIERA. Andrés de Pablo López. Editorial Universitaria Ramón Areces. 2010

Productos y servicios financieros Nivel Básico (Concepción Delgado, Juan Palomero). Palmoreo Delgado 2002.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0449_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSALÍA GARCÍA SEIJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación está elaborada de acordo ao determinado no Real decreto 1631/2009, de 30 de outubro (modificado polo Real Decreto 1126/2010, de 10 de setembro), que establece o título de técnico en xestión administrativa e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e no Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do mesmo.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

O módulo de Formación e Orientación Laboral pretende que o alumnado dispoña de estratexias para a búsqueda de emprego, teña coñecementos dos seus dereitos e obrigas como persoa traballadora, do funcionamento do sistema de Seguridade Social e sexa consciente dos riscos e danos profesionais que poden acompañar ao seu traballo. Tamén se intenta concienciar ao alumnado sobre a importancia do cumprimento da normativa de prevención de riscos, normativa laboral e de Seguridade Social para que no futuro sexa unha persoa traballadora responsable no seu contorno de traballo, que coñeza os seus dereitos e que desenvolva a súa actividade en situacións seguras e saudables.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan ás actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Esta programación vai dirixida a alumnado matricuado na modalidade a distancia, alumnado altamente motivado que maioritariamente xa está a traballando pero necesita obter una cualificación ou prepararse para a realización doutra profesión e ten que compaxinar o traballo cos estudos.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	AUTO-ORIENTACIÓN PROFESIONAL	Análise e valoración do perfil do título e do seu ámbito de emprego	5	2
2	OS EQUIPOS DE TRABALLO E A XESTIÓN DO CONFLITO	Unidade que destaca a importancia e utilidade do traballo en equipo, así como da negociación no eido da práctica profesional	4	4
3	A RELACIÓN LABORAL INDIVIDUAL	Análise da relación laboral e dos dereitos e obrigas que se derivan da mesma en materia de contratación, xornada laboral, salario, modificación, suspensión e extinción.	38	32
4	A RELACIÓN COLECTIVA NO TRABALLO	Unidade que explica os dereitos e obrigas das persoas traballadoras, a súa representación e a negociación colectiva	6	6



U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL	Amosarse que é a Seguridade Social, a afiliación, altas e baixas, así como as principais prestacións.	12	14
6	ITINERARIOS TRAS FINALIZAR EL CICLO FORMATIVO	Análise e valoración das nosas aspiracións, actitudes e formación cara a toma de decisións. O proceso de búsqueda de emprego.	9	8
7	SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	Análise, clasificación e avaliación dos diferentes riscos laborais, así coma os posibles danos á saúde a persoa traballadora	22	14
8	PLAN DE PREVENCIÓN NA EMPRESA	Diferentes formas de organización da prevención na empresa. Identificación dos órganos de representación das persoas traballadoras na empresa. Características do plan de prevención e a súa organización	18	12
9	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	Analiza e diferencias das medidas de prevención e protección. Aplicación do soporte vital básico e dos primeiros auxilios	14	8

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	AUTO-ORIENTACIÓN PROFESIONAL	5

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en xestión administrativa.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	OS EQUIPOS DE TRABALLO E A XESTIÓN DO CONFLITO	4

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en xestión administrativa e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

**Criterios de avaliación**

CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Equipos no sector administrativo e financeiro segundo as funcións que desempeñen.

Dinámicas de grupo.

Equipos de traballo eficaces e eficientes.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Conflito: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A RELACIÓN LABORAL INDIVIDUAL	38

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A RELACIÓN COLECTIVA NO TRABALLO	6

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	ITINERARIOS TRAS FINALIZAR EL CICLO FORMATIVO	9

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Proceso de toma de decisións.

Contidos
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	22

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.



Contidos
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector administrativo e financeiro en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	PLAN DE PREVENCIÓN NA EMPRESA	18

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Aprecíase a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

Criterios de avaliación
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector administrativo e financeiro.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.

Contidos
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	14

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

**Crterios de avaliación**

CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.9.e) Contidos****Contidos**

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles serán os que se citan como tales ao longo das distintas UD.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO:**

Durante o curso haberá tres avaliacións.

Os criterios de cualificación utilizados para determinar a cualificación individual do módulo terían en conta os seguintes aspectos:

1º. Participación nos foros de cada unidade didáctica, respondendo a dúbidas dos compañeiros/as, cuestións propostas polo profesor/a e/ou aportando opinións sobre temas tratados nas correspondentes unidades didácticas

Valorarase a pertinencia das intervencións, a elaboración de ideas propias, a actitude positiva, o interese, a colaboración cos compañeiros/as, o respecto ás regras sociocomunicativas e ás opinións das outras persoas, etc.

A nota da participación nos foros suporá un 10% da nota da avaliación. A non participación conlevará un 0 neste apartado.

2º. Tarefas en liña correspondentes ás unidades didácticas, entregadas en forma e prazo.

O alumnado deberá realizar as tarefas en liña que o profesorado proporá con carácter avaliable.

Estas tarefas deberán entregarse seguindo as instrucións, respectando as normas e os prazos establecidos. Fóra de prazo non se admitirá a entrega das tarefas.

A nota das tarefas suporá un 20% da nota . O feito de non enviar as tarefas conlevará automaticamente un cero neste apartado da nota.

3º. Exames de carácter presencial e obrigatorio. Poden consistir nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou/e preguntas test con escolla da alternativa correcta ou preguntas con respostas breves e, de ser o caso, casos prácticos similares aos traballados en cada unidade didáctica. Poderán incorporar contidos desenvolvidos nas sesións presenciais.

Estes exames teñen carácter obrigatorio e realizaranse no centro docente nas datas indicadas.

A nota dos exames suporá un 70% da nota da avaliación. A non presenza nestas probas conlevará automaticamente un cero neste apartado.

A avaliación estará superada cando o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos aplicándose os tres elementos de avaliación mencionados nos parágrafos anteriores, en cada unha das avaliacións do curso.

Deste xeito, a cualificación de cada avaliación virá dada por:

- 1ª avaliación (Uds. 1 e 3): 70% da nota do primeiro exame + 20% da nota da 1ª tarefa + 10% da nota dos foros

- 2ª avaliación (Uds. 2, 4, 5 e 6): 70% da nota do segundo exame + 20% da nota da 2ª tarefa + 10% da nota dos foros

- 3ª avaliación (Uds. 7, 8 e 9): 70% da nota do terceiro exame + 20% da nota da 3ª tarefa + 10% da nota dos foros

A cualificación será numérica, entre 1 e 10, con 2 decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco. As puntuacións que aparezan nos boletíns de notas serán sen decimais.

Nota final do módulo

A cualificación final do módulo virá dada pola media aritmética de cada unha das avaliacións, sempre que todas elas estean aprobadas. En caso contrario a cualificación do módulo será como máximo 4. De ter o módulo suspenso, avaliaranse independentemente as dúas unidades formativas que establece o currículo seguindo os criterios expostos anteriormente.

Nota aclaratoria sobre o redondeo de decimais:

Nas avaliacións parciais, a cualificación redondeará por defecto (os decimais teñen un valor inferior a 0,5) ou por exceso (os decimais teñen un valor igual ou maior a 0,5) ao enteiro máis próximo. Con todo, para o cálculo da cualificación final do módulo será realizada a media aritmética das avaliacións do curso tendo en conta todos os decimais desas cualificacións parciais, e tan só o resultado deste promedio será redondeado segundo o indicado anteriormente.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO QUE SEGUIU O CURSO DE FORMA REGULAR:

- O alumnado que suspenda algunha avaliación e seguiu o módulo de forma regular, presentándose ás probas, enviando as tarefas e participando nos foros, poderá presentarse á recuperación da/s mesma/s a final de curso.

Este exame será valorado co 70% para sumar á nota dos traballos e a participación obtida en cada avaliación.

ALUMNADO QUE NON SEGUIU O CURSO DE FORMA REGULAR:

- O alumnado que non seguiu o curso de forma regular, é dicir, non se presentou aos exames, non enviou as tarefas e non participou nos foros, poderá presentarse a unha proba presencial final de carácter global. En todo caso, a cualificación obtida nesta proba final representa o 100 por cento da nota final.

O contido desta proba incluírá tanto preguntas teóricas (formato test e/ ou preguntas curtas), como supostos prácticos.

Utilizaranse polo menos un dos CA de cada un dos RA que existen.

A proba será valorizada sobre 10 puntos, sendo necesario alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 para superar o módulo.

A cualificación debe ser expresada sen decimais, co cal será utilizado un proceso de redondeo por exceso ao enteiro máis próximo, sempre que os decimais sexan 0,5 ou superiores, ou por defecto en caso contrario. O redondeo por exceso só opera cando a cualificación inicial obtida sexa igual ou superior a 5.

En calquera caso, de ter o módulo suspenso, avaliaranse independentemente as dúas unidades formativas que establece o currículo seguindo o exposto anteriormente.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Non procede na modalidade de distancia do réxime de adultos.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación será realizado utilizando a ligazón "Seguimento das programacións" da aplicación corporativa que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>. Ademais disto, está previsto que a profesora, ao final do curso, realice unha enquisa ao alumnado para autoavaliar a práctica docente.

A autoavaliación é moi importante para establecer modificacións, se fose preciso, na secuencia, na profundidade dos contidos e na temporalización prevista.

Como consecuencia desta avaliación, se é necesario, realizaranse ás correccións pertinentes cara os seguintes trimestres. Correccións que, de producirse, reflectiríanse no seguimento da programación na aplicación.

Os resultados do seguimento da programación e da avaliación da propia práctica docente consignaranse na programación do curso seguinte.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Os equipos docentes realizan unha reunión ao inicio do curso para contrastar e avaliar a avaliación inicial feita polo profesorado tutor. Dado que estamos falando de ensino do réxime de adultos este procedemento parece suficiente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ao non esclarecer a lexislación específica sobre formación profesional de grao medio e superior, medidas de reforzo educativo, existindo só normas para outros niveis educativos correspondentes a idades teóricas de ensino anteriores, como son o Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos e os Decretos polo que se establecen o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que tratan de algunha forma sobre estas medidas, faise necesario recorrer á literatura sobre o tópico e a diferentes publicacións da propia Consellaría e de entidades sen ánimo de lucro cuxo fin é promover melloras concretas en todos os ámbitos da vida das persoas que presentarían necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo.

Entre as actuacións ou vías que se presentan para o tratamento da diversidade na formación profesional (Álvarez, 2018, 179) van ser desenvolvidas as seguintes:

- Serán utilizadas metodoloxías didácticas diferentes, que se adapten aos diferentes graos de capacidades previas, aos diversos niveis de autonomía e responsabilidade do alumnado e ás dificultades ou súper logros detectados en procesos de aprendizaxe anteriores.
- Serán adaptadas as actividades ás motivacións e necesidades do alumnado, presentando aquelas a un nivel situado entre o que xa saben facer autonomamente e o que son capaces de facer coa axuda e guía do profesorado ou dos/as seus/súas compañeiros/as. Será establecido de menor a maior a dificultade das tarefas, de tal maneira que todo o alumnado poida encontrar espazos de resposta adecuados ás súas capacidades.
- As actividades e as prácticas colectivas propostas serán desenvolvidas en grupos heteroxéneos, prestando atención á repartición de tarefas e a unha asignación de funcións flexíbel.
- Serán respectados os ritmos de aprendizaxe do alumnado, en función dos seus intereses, motivacións e capacidades.
- Nas actividades de recuperación programadas, para o alumnado con máis dificultades de aprendizaxe serán definidas de maneira clara os conceptos que lle custa traballo comprender. Serán presentadas estas actividades tendo presente os niveis mínimos que deberá atinxir o alumnado.
- Serán presentadas actividades de ampliación para que o alumnado poida mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Será mellorado o hábito de estudo e a responsabilidade.
- Serán fomentadas as relacións sociais e a integración do alumnado do grupo.

Desta maneira, disporanse de actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grao de dificultade. Igualmente, atenderase á diversidade na formulación das actividades, por iso presentaranse actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento, prestando unha axuda máis personalizada para fomentar a adquisición das habilidades necesarias para beneficiarse do traballo e da relación cos seus iguais. En calquera caso, prestarase especial atención perante En relación ó desenvolvemento persoal e social evitaranse as comparacións descualificadoras do alumnado tanto sexan polas súas dificultades, como polas súas diferenzas. necesidades de apoio e/ou reforzo, alumnado con TDAH, síndrome de Asperger, altas capacidades, incorporación serodia e/ou desvantaxes sociais e doenzas que impiden unha regular escolarización.

En relación ó desenvolvemento persoal e social evitaranse as comparacións descualificadoras do alumnado tanto sexan polas súas dificultades, como polas súas diferenzas.



A respecto da interacción entre iguais, fomentaranse as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferenzas, tan importantes para que o alumnado que teña dificultades na aprendizaxe non se sinta rexeitado e desmotivado. Un adecuado contexto de actividades cooperativas nas que se creen relacións de interdependencia entre o alumnado será outra das medidas a aplicar.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Se tratarán os seguintes temas transversais:

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

Obxectivos:

Modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, despregos ou comentarios despectivos.

Coñecer os mecanismos e valores de funcionamento social.

Reforzar os valores de igualdade, respecto, solidariedade e paz a través da comunicación asertiva e inclusiva.

Distinguir elementos discriminatorios no entorno e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

Valorar a importancia da presenza de homes e mulleres en situación igualitaria nos contornos de traballo.

Concienciar sobre a desigualdade laboral e as consecuencias na produtividade.

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Obxectivos:

Recoñecer a súa propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para alcanzar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade.

Formar unha imaxe axustada de si mesmo que lle permita asumir a súa propia vida.

Asumir a importancia do respecto á legalidade como un principio fundamental na vida en sociedade.

Utilizar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais.

Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.

Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas.

Respectar a intimidade e coñecer a importancia da Lei de Protección de datos.

#### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

##### Obxectivos:

Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.

Valorar a importancia da adopción de medidas de prevención e protección no contorno laboral como forma de garantir un estado completo de benestar.

Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por valores que favorecen o benestar.

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

##### Obxectivos:

Valorar a autoestima e a seguridade persoal.

Ser capaz de superar inhibicións e prexuizos, tanto nas actuacións individuais como nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara a actitudes que promoven o ben común.

Respectar e tolerar outras formas de pensar, outras culturas, relixións, razas,...

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

##### Obxectivos:

Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo cómo inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do entorno.

Sentir respecto e implicación na mellora e conservación do medio ambiente dentro do ámbito laboral.

Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais de ampla resonancia no mundo actual.

#### EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR

##### Obxectivos:

Coñecer os dereitos e deberes como consumidor.

Apreciar novas formas de comercio coma o electrónico en contornos de seguridade.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non procede na modalidade de distancia do réxime de adultos o que non impedirá que se informe ao alumnado das actividades que organice o departamento para o alumnado en réxime presencial por se algún ten interese en participar nelas.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Publicidade da programación.

Para dar cumprimento á necesidade de publicidade da programación, segundo o recollido no artigo 23 da Orde de 11 de xullo pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, e no artigo 4.4. da Orde que regula o calendario escolar para o curso 2023/2024, a programación desta profesora está ao dispor do alumnado na aula virtual do módulo e na páxina web do centro, para que a poidan consultar no momento que o consideren necesario. Ademais toda a información relativa á organización do módulo e ao sistema de avaliación explícaselle ao alumnado nos primeiros días de curso.

### 10.2) Orde impartición UD.

Impartirase a UD.03 da programación a continuación da UD.01 para contribuír a unha temporalización máis equilibrada ao longo do curso.  
Para impartir primeiro toda a UF.1, a UD.9 da AV inclúese como UD.6 na Programación.

### 10.3) Instrumentos de avaliación

Debido a que estamos no ensino a distancia, os instrumentos de avaliación están condicionados por esa situación. Varios CA avalíanse con PE cando no réxime presencial poderían terse avaliado con TO ou LC, sempre despois dunha certa reflexión sobre o CA correspondente.

### 10.4) BIBLIOGRAFÍA:

Non será utilizado, nin recomendado, un libro de texto concreto.

De calquera maneira, facilítase ao alumnado unha bibliografía básica para a súa consulta:

García González, B.J., Tena Cornelles, e outr@s. Formación y orientación laboral. 2023. Ed. TuLibroDeFP. ISBN: 978-84-16812-90-5

Álvarez Martínez, J.C.; Herráez Vidal, P. e Prieto García, M.A. (2022): Formación y Orientación Laboral, Madrid: Editorial McMillan. ISBN: 9788419062000.

Caldas Blanco, M.E. e Hidalgo Ortega, M.L. (2022): Formación y Orientación laboral, Pozuelo de Alarcón: Editorial Editex. ISBN: 9788413218656.

Caldas Blanco, M.E. e Hidalgo Ortega, M.L. (2022): Formación y Orientación laboral 360°, Pozuelo de Alarcón: Editorial Editex. ISBN: 9788413219936.

García, C.; Gago, M.L. e Ruiz, E.; López, S. (2022): Formación y orientación Laboral, Madrid: Editorial McGraw-Hill. ISBN: 9788448635114.

García González, B.J.; Tena Cornelles, D.; de Fez Solaz, M.C.; García Ortuño, M.D. e Hernández Ricarte, M.V. (2022): Formación e Orientación Laboral, Alboraya: Editorial Tu Libro de FP. ISBN: 9788416812776.

WEB para consultar a lexislación vixente:

<https://www.boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=93&modo=1&nota=0&tab=2>